

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O 2 DÍA XANEIRO DE DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Xefa do Servizo de Persoal, dona Marta López Peña en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 19 de decembro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de obras para construción de estabulación semilibre para gando vacún de leite, sala de muxir e fosa de zurro, en Argonde, San Xoán do Campo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para modernización e substitución de ascensor no edificio sito na rúa Río Eo, número 5; para a legalización de ampliación de planta soto na vivenda unifamiliar sita en Couto Grande esquina rúa Piñeiral Grande, parcela 41, Polígono 2, Sector Sur B Louzaneta-Areeiras; para a construción de nave industrial de planta baixa sen uso definido no Parque Empresarial As Gándaras, rúa A, parcela O.2.3 e para a construción de nave industrial de planta baixa sen uso definido no Parque Empresarial As Gándaras, rúa A, parcela 0.4.2.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo, por mor da celebración da Cabalgata de Rei e a forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

Código Seguro de verificación:11f/qxzT/B40cOYpahjkng==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	09/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2




4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga dos lotes nº 2 e nº 3, e inicio de trámites para a nova contratación do lote nº18 na subministración de diversos consumibles de papelería mediante acordo marco.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a adscrición temporal de dona Ana Isabel Sáez Mancebo á Asesoría Xurídica para formular anuncio de recurso de suplicación nos autos 1141/2011 ante o Xulgado do Social número 3 de Lugo.
- Acórdase a resolución de contrato por demora na comprobación do replanteo na contratación das obra de rexeneración de firmes na estrada de Argonde a Vilacha.
- Acórdase o réxime de suplencias do titular da Asesoría Xurídica.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:11f/qxzT/B40cOYpahjkng==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	09/01/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	11f/qxzT/B40cOYpahjkng==	PÁGINA	2/2
				
11f/qxzT/B40cOYpahjkng==				